



galicianfilmforum.gal | galicianfilmforum@gmail.com | facebook.com/GalicianFilm | twitter.com/GalicianFF

NOTA DE PRENSA | 7 de novembro do 2017

## **Galician Film Forum proxecta '18 comidas' no King's College de Londres**

- **A cita será o venres 10 de novembro, a partir das 19 horas, no King's College de Londres e terá entrada gratuíta**
- **Ao rematar a proxección haberá un coloquio por videoconferencia con Jorge Coira, director da película, e con Araceli Gonda, coguionista**
- **18 comidas é unha das películas con máis público e máis premiadas do recente cinema galego**

A sétima edición do **Galician Film Forum** (GFF) acollerá o venres 10 de novembro a proxección de *18 comidas*, dirixida por Jorge Coira. O evento será na universidade King's College de Londres [19h, Strand Campus, Edmond J Safra Theatre WC2R 2LS] e terá entrada gratuíta, pero cómpre reservala con antelación nesta [ligazón](#). Tras a proxección haberá un coloquio a través de videoconferencia con Jorge Coira e con Araceli Gonda, coguionista.

O filme vaise proxectar en versión orixinal con subtítulos en inglés e o encontro vai ser en inglés e galego. Toda a información sobre o evento pode consultarse na páxina web do GFF ([galicianfilmforum.gal](#)). Esta nova edición do GFF volve contar co apoio do departamento de Spanish, Portuguese and Latin American Studies do King's College da capital británica.

*18 comidas* é unha película coral na que se contan seis historias entrelazadas que transcorren nun só día en Santiago de Compostela e sempre arredor dunha mesa. Os 24 personaxes do filme protagonizan almozos, xantares e ceas que basculan entre a comedia e o drama e que se ensamblan para construír un mosaico vital e gastronómico sobre a busca da felicidade.

Os actores do elenco afrontáronse ao reto de rodar sen un guión ao uso, sabendo só o esbozo da trama e o perfil dos seus personaxes e deixando o resto á improvisación. Filmada cun orzamento de apenas medio millón de euros e en tan só nove días, o traballo da montaxe requiriu uns oito meses que cristalizaron no que Coira describe como o seu "traballo máis persoal" e que experimentou un inesperado éxito de público para unha película destas características.

O filme mantívose varios meses en carteleira en cines de toda España e tivo a maiores un intenso percorrido internacional nunha trintena de festivais de Francia, EEUU, México,



galicianfilmforum.gal | galicianfilmforum@gmail.com | facebook.com/GalicianFilm | twitter.com/GalicianFF

Colombia, Italia, Finlandia, Portugal, Rusia, Serbia, Macedonia, Inglaterra, Irlanda, Australia, Nova Zelandia, etc.

Esta boa acollida reflectiuse nos galardóns que recibiu fóra das nosas fronteiras e entre os que figuran o Premio ao Mellor Director no Festival Internacional de Taormina (Italia), o Premio Especial do Xurado na 15ª Biennale du Cinéma Espagnol de Annecy (Francia) e o Premio á Mellor Película no Festival Douro Film Harvest (Portugal). En España, *18 comidas* recibiu o Premio á Mellor Película e o Premio do Público de CineEsCena Festival Internacional de Cinema Gastronómico Ciudad de La Laguna, o Premio Especial do Xurado e o Premio do Público de OUFF Festival Internacional de Cinema de Ourense, amais de sete Premios Mestre Mateo, os galardóns galegos do audiovisual.

### **Sobre Jorge Coira**

De formación principalmente autodidacta, Jorge Coira comezou a súa carreira profesional a finais dos 90. Logo de realizar varias curtametraxes, estreou no 2004 a súa primeira longametraxe, *O ano da carracha*, e a finais do 2010 chegaría a súa segunda película, *18 comidas*. En paralelo, desenvolveu unha intensa actividade en televisión, onde participou en series da televisión galega como *Terra de Miranda*, *As leis de Celavella*, *Padre Casares e Luci*, e mais en series de ámbito nacional, entre as que salientan *El comisario*, *RIS*, *Pelotas* ou *Sé quién eres*. Na súa filmografía tamén se atopan documentais como *Torre de Breoghán*, *¿Que culpa tiene el tomate?* ou *Días de reparto*. No 2016 gañou o Goya á Mellor Montaxe polo seu traballo en *El desconocido*, de Dani de la Torre.

### **Galician Film Forum**

O GFF naceu no 2015 no seo dun grupo de galegos emigrados a Londres co obxectivo de crear un espazo para a difusión do cinema galego na capital británica. A súa actividade artículase en tres eixes: como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido, e como espazo de reflexión sobre o cinema e a cultura galega en termos universais.

- **Entradas:** <https://18meals.eventbrite.co.uk/>
- **Web de Jorge Coira:** <http://www.jorgeCoira.com>
- **Tráiler de 18 comidas:** <https://vimeo.com/122827599>